



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DE LUGO

DEPARTAMENTO DANZA DE CARÁCTER

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Criterios de avaliación e cualificación tendo n conta as aprendizaxes imprescindibles identificadas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

MÍNIMOS ESIXIBLES

- 2. Procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.**
- 3. Procedementos de avaliación e adaptacións metodolóxicas terceiro trimestre.**
- 4. Proba extraordinaria de setembro e recuperación de materias pendentas.**
- 5. Información e publicidade.**



1. Criterios de avaliación e cualificación tendo en conta as aprendizaxes imprescindibles identificadas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

DCA 1º GE

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p>15%</p>
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p>-Recoñecer a importancia da danza de carácter dentro do mundo da danza. A danza Rusa.</p> <p>Comprobar que o alumno comprende os contidos teóricos explicados e o estilo do folclore ruso a través de visionados.</p>	<p>15%</p>
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>-Reproducir e interpretar un exercicio de palmas que marque pautas rítmicas.</p> <p>Observar que o alumno interioriza o pulso e o ritmo.</p> <p>-Reproducir e interpretar un exercicio de camiñadas e pasos con diferentes pautas rítmicas en 2/4 e 3/4.</p> <p>Observar que o alumno comprende a diferenza entre ritmos binarios e ternarios.</p> <p>-Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos: ritmos e pasos en diagonal, parellas, filas e círculos.</p> <p>Observar o sentido respecto ao espazo, as dimensións e direccións, sen perder a coordinación e a musicalidade.</p> <p>-Realizar exercicios de pés cos zapatos de carácter.</p> <p>Comprobar que os alumnos e alumnas executan as plantas, tacóns e puntas seguindo as</p>	<p>70%</p>



<p>pautas rítmicas e musicais marcadas.</p> <p>-Realizar exercicios de combinacións de saltos e <i>skips</i> propios do estilo ruso.</p> <p style="padding-left: 40px;">Comprobar a coordinación e musicalidade do alumno.</p> <p>-Memorizar variacións coreográficas elaborada con pasos elementais aprendidos nas clases.</p> <p style="padding-left: 40px;">Constatar a capacidade de memoria e aprendizaxe a primeira vista do alumno ou alumna.</p> <p>A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>	
---	--

Mínimos esixibles (1ºDCA GE)

-Reproducir e interpretar un exercicio de palmas que marque pautas rítmicas.

Observar que el alumno interioriza o pulso e o ritmo.

-Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos: ritmos e pasos en diagonal, filas e círculos.

Observar o sentido respecto ao espazo, as dimensións e dirección, sen perder a coordinación e musicalidade.

-Realizar exercicios de pés cos zapatos de carácter.

Comprobar que os alumnos/as executan as plantas, tacóns e puntas seguindo as pautas rítmicas e musicais marcadas.

-Realizar exercicios de combinacións de saltos e *skips* propios do estilo ruso.

Comprobar a coordinación e musicalidade do alumno.

-Recoñecer a importancia da danza de carácter dentro do mundo da danza. A danza Rusa.

Comprobar que o alumno comprende os contidos teóricos explicados e o estilo do folclore ruso a través de visionados.

DCA 2º GE

ACTITUDE	
-----------------	--



<p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p>15%</p>
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p>	
<p>-Coñecer a orixe da danza húngara e o seu estilo folclórico. Visionados.</p> <p>Comprobar que o alumno comprende os contidos teóricos explicados.</p>	<p>15%</p>
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p>	
<p>-Reproducir e interpretar un exercicio de palmas que marque pautas rítmicas.</p> <p>Observar que o alumno interioriza o pulso e o ritmo combinando pasos e síncopas.</p> <p>-Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos: ritmos e pasos en diagonal, parellas, filas e círculos.</p> <p>Observar o sentido respecto ao espazo, as dimensións e direccións, sen perder a coordinación e a musicalidade.</p> <p>-Realizar exercicios de pés cos zapatos de carácter.</p> <p>Comprobar que os alumnos e alumnas executan as plantas, tacóns e puntas seguindo as pautas rítmicas e musicais marcadas.</p> <p>-Realizar camiñadas simples seguindo ritmos binarios e ternarios.</p> <p>Constatar a coordinación de movementos e musicalidade no conxunto da execución dos exercicios.</p> <p>-Realizar exercicios de combinacións de saltos e <i>picked-up springs</i> propios do estilo húngaro.</p> <p>Comprobar a coordinación e musicalidade do alumno.</p> <p>-Memorizar variacións coreográficas elaborada con pasos elementais aprendidos nas clases.</p> <p>Constatar a capacidade de memoria e aprendizaxe a primeira vista do alumno ou alumna.</p>	<p>70%</p>



<p>A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>	
--	--

Mínimos esixibles (2ºDCA GE)

-Reproducir e interpretar un exercicio de palmas que marque pautas rítmicas.

Observar que el alumno interioriza o pulso e o ritmo.

-Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos: ritmos e pasos en diagonal, filas e círculos.

Observar o sentido respecto ao espazo, as dimensións e dirección, sen perder a coordinación e musicalidade.

-Realizar exercicios de pés cos zapatos de carácter.

Comprobar que os alumnos/as executan as plantas, tacóns e puntas seguindo as pautas rítmicas e musicais marcadas.

-Realizar exercicios de combinacións de saltos e picked-up springs propios do estilo húngaro.

Comprobar a coordinación e musicalidade do alumno.

-Coñecer a orixe da danza húngara e o seu estilo folclórico. Visionados.

DCA 2º GP

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	10%
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p>-Definir a danza de carácter e coñecer e recoñecer distintos estilos.</p> <p style="text-align: center;">A alumna coñece o significado de Danza de Carácter e os diferentes bailes típicos de</p>	



<p>cada estilo: húngaro (czardas), polaco (polonesa), ruso (mazurca) e italiano (tarantela).</p> <p>-Coñecer a orixe da danza húngara e o seu estilo, así como a súa interpretación nos ballets de repertorio do século XIX.</p> <p>Comprobar que a alumna coñece e reconece as danzas húngaras dos ballets de repertorio (<i>Lago dos Cisnes</i> e <i>Coppelia</i>, mínimo esixible)</p>	<p>10%</p>
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>-Realizar exercicios que conteñan contidos básicos de Grao Elemental: <i>pas de basque and cifras</i> combinadas e <i>czardas</i>. Paso básico de Polonesa.</p> <p>Comprobar que a alumna ten a base rítmica e estilística interiorizada.</p> <p>-Realizar exercicios rítmicos cos zapatos de carácter</p> <p>Con este criterio, trátase de comprobar a capacidade e destreza do alumno para o uso correcto dos zapatos de carácter.</p> <p>-Realizar variacións que inclúan os brazos, cabezas e estilo da danza húngara. (Lentos e promenades)</p> <p>Con este criterio, comprobarase que o alumno acadou o concepto de estilo necesario para a danza de carácter no seu conxunto.</p> <p>-Realizar variacións que inclúan os xiros, cabrioles e combinacións de saltos propias do estilo húngaro.</p> <p>Con este criterio, comprobarase que o alumno acadou o concepto de estilo necesario para a danza de carácter no seu conxunto.</p> <p>-Realizar exercicios rítmicos básicos de mazurca.</p> <p>Con este criterio, trátase de comprobar a capacidade e destreza da alumna para o uso correcto dos zapatos de carácter, a musicalidade e a coordinación.</p> <p>-Interpretar os exercicios en parella e en grupo.</p> <p>Con este criterio, valorarase a capacidade da alumna para memorizar unha danza e</p>	<p>80%</p>



<p>acadar a coordinación necesaria para danzar en parella e en grupo.</p> <p>En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística, musicalidade, expresividade amosada pola alumna.</p> <p>A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>	
---	--

Mínimos esixibles (2ºGPA DCA)

-Realizar exercicios que conteñan contidos básicos de Grao Elemental: *pas de basque and cifras* combinadas e *czardas*. Paso básico de Polonesa.

Comprobar que a alumna ten a base rítmica e estilística interiorizada.

-Realizar exercicios rítmicos cos zapatos de carácter

Con este criterio, trátase de comprobar a capacidade e destreza do alumno para o uso correcto dos zapatos de carácter.

-Realizar variacións que inclúan os brazos, cabezas e estilo da danza húngara. (Lentos e promenades)

Con este criterio, comprobarase que o alumno acadou o concepto de estilo necesario para a danza de carácter no seu conxunto.

-Coñecer a orixe da danza húngara e o seu estilo así como a súa interpretación nos ballets de repertorio do século XIX.

Comprobar que a alumna coñece e reconece as danzas húngaras dos ballets de repertorio (*Lago dos Cisnes* e *Coppelia*, mínimo esixible)

DGA 3º GE

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	15%
---	-----



<p>ADQUISICIÓN DE COÑECIMENTOS TEÓRICOS</p> <p>-Coñecer os contidos teóricos relacionados coa orixe dos bailes, a indumentaria, os instrumentos e os ritmos básicos.</p> <p>Con este criterio de avaliación búscase que o alumnado coñeza as danzas tradicionais galegas , a través da súa visión e da súa audición.</p>	<p>15%</p>
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>-Reproducir e interpretar combinacións de pasos básicos de muiñeira..</p> <p>Con este criterio pretendese comprobar que o alumno executa correctamente e con coordinación, tanto rítmica como tecnicamente os movementos.</p> <p>-Realizar pequenas combinacións que inclúan puntos en parella.</p> <p>Con este criterio podemos observar se o alumnado executa correctamente os pasos deste nivel, cun correcto emprego do espazo.</p> <p>-Improvisar puntos segundo a estrutura do baile tradicional, na que o alumno será o guía do resto do grupo.</p> <p>Con este criterio preténdese observar se o alumno indica e executa os movementos empregando o ritmo e o fraseo musical adecuadamente, facendo un correcto uso do espazo.</p> <p>A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>	<p>70%</p>

Mínimos esixibles (3ºGE DGA)

-Demostrar o coñecemento dos picados e puntos básicos de muiñeira.

Este criterio pretende comprobar que o alumnado coñece e executa dentro do ritmo os movementos deste nivel , coordinando as pernas cos brazos .



-Improvisar puntos segundo a estrutura do baile tradicional, na que o alumno será o guía do resto do grupo .

Con este criterio preténdese observar se o alumno indica e executa os movementos empregando o ritmo e o fraseo musical adecuadamente , facendo un correcto uso do espazo.

DGA 1º GP

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzó, interese, coidado do material e madurez.</p>	<p>10%</p>
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS</p> <p>Coñecer os contidos teóricos relacionados coa súa orixe dos bailes, a indumentaria, os instrumentos e os ritmos básicos.</p> <p>Con este criterio de avaliación comprobarase se o alumno coñece os distintos tipos de bailes galegos, así como tamén a indumentaria, os ritmos e os instrumentos empregados para o baile.</p>	<p>10%</p>
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>-Reproducir e interpretar combinacións de pasos de muiñeira e xota.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que o alumno executa correctamente e con coordinación, tanto rítmica como tecnicamente os movementos de xota e de muiñeira.</p> <p>-Realizar pequenas combinacións que inclúan puntos en parella e paseos ou picados en roda.</p> <p>Con este criterio podemos observar se o alumnado executa os pasos deste nivel de forma sincronizada co resto do conxunto, facendo un correcto emprego do espazo.</p> <p>-Improvisar puntos segundo a estrutura do baile tradicional, na que o alumno será o guía do resto do grupo.</p> <p>Con este criterio preténdese observar se o alumno indica e executa os movementos empregando o ritmo e o fraseo musical adecuadamente, facendo un correcto uso do</p>	<p>80%</p>



<p>espazo.</p> <p>-Aprender pequenos exercicios propostos no momento.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar a capacidade do alumnado para aprender a primeira vista e memorizar un paso, un exercicio ou un conxunto deles.</p> <p>A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>	
--	--

Mínimos esixibles DGA 1ºGP

-Coñecer a riqueza e a variedade do folclore galego, a súa orixe, a súa indumentaria e os seus ritmos básicos.

Con este criterio de avaliación búscase que o alumnado coñeza as danzas tradicionais galegas e que recoñeza os estilos básicos, a través da súa visión (traxes e pasos) e da súa audición (ritmos).

-Improvisar puntos segundo a estrutura do baile tradicional, na que o alumno será o guía do resto do grupo.

Con este criterio preténdese observar se o alumno indica e executa os movementos empregando o ritmo e o fraseo musical adecuadamente, facendo un correcto uso do espazo.

IDE 4º GE

<p>ACTITUDE</p> <p>Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado, participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.</p>	15%
<p>ADQUISICIÓN DE COÑECAMENTOS TEÓRICOS</p> <p>- Coñecer a importancia da danza española e das súas catro vertentes dentro do mundo da danza.</p> <p>Este criterio de avaliación pretende comprobar que o alumno/a comprende os</p>	15%



<p>contidos teóricos explicados.</p>	
<p>EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA</p> <p>-Coñecer as distintas posicións de brazos e as súas combinacións básicas.</p> <p>Este criterio pretende comprobar que o alumno/a reconece os braceos típicos da danza española.</p> <p>-Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos , así como danzas en parella e en grupo.</p> <p>Este criterio de avaliación pretende facer énfase na relación entre os intérpretes e na súa proxección espacial.</p> <p>-Realizar, seguindo as indicacións do profesor/a, os exercicios iniciais da técnica do zapateado.</p> <p>Este criterio pretende comprobar a correcta colocación do corpo, o control e soporte das costas, a flexión dos xeonllos e a calidade sonora dos pés.</p> <p>-Realizar, seguindo as indicacións do profesor/a, os exercicios de brazos e mans específicos para a iniciación do flamenco.</p> <p>Este criterio pretende comprobar que o alumno/a executa o xiro de mans e movemento dos brazos.</p> <p>-Demostrar o coñecemento básico de distintos ritmos flamencos a través das palmas sobre o soporte da guitarra.</p> <p>Este criterio pretende comprobar o sentido rítmico do alumno/a e o coñecemento dalgúns ritmos do flamenco.</p> <p>-Camiñar tanto con zapato como con zapatilla.</p> <p>Con este criterio, búscase iniciar a coordinación de todos os movementos, o porte e a elegancia dentro do estilo elixido.</p> <p>-Memorizar pequenas variacións coreográficas marcadas polo profesor/a.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar a capacidade do alumno/a para aprender a primei-</p>	<p>70%</p>

ra vista e memorizar un paso, un exercicio ou un conxunto deles.

A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.

Mínimos esixibles 4ºGE IDE

- Coñecer a importancia da danza española e das súas catro vertentes dentro do mundo da danza.

Comprobar que o alumno/a comprende os contidos teóricos explicados.

-Executar exercicios que inclúan combinacións de pasos e zapateados básicos así como as posicións dos brazos.

Observar se o alumno executa os movementos empregando o ritmo adecuadamente así como o uso do espazo.

2. Procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.

Debido á natureza das nosas ensinanzas e aos requisitos para o seu desenvolvemento a avaliación non presencial da práctica da danza non é factible de xeito xeral. A avaliación realizarase en función das avaliacións previas e da avaliación das actividades teóricas desenvolvidas polo alumno durante o terceiro trimestre. Estas últimas poderán sumarse ás súas cualificacións anteriores. En ningún caso as avaliacións das actividades do terceiro trimestre poderán minorar as cualificacións anteriores do alumnado.

Tendo en conta que se trata de materias baseada na práctica considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e continua, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado durante o primeiro e segundo trimestre non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal dende o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento: tomarase como referencia as aprendizaxes realizadas durante o primeiro e segundo trimestre valoradas tendo en conta os criterios de avaliación establecidos no punto 1 da presente modificación da programación e poderá incrementarse en 1 punto en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma.



AVALIACIÓN 2019/2020		G.ELEMENTAL
ACTITUDE OBSERVACIÓN DIARIA tanto na clase coma no recinto escolar (biblioteca, vestiarios, sala de ensaio..)	Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.	15%(1º e 2º trimestre)
ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOSTEÓRICOS, a través de probas escritas ou orais ou dun traballo ou fichas.	Aprendizaxe dos contidos de forma teórica e comprensión e interiorización dos mesmos, (tanto vocabulario técnico coma os contidos teóricos de ballets, coreógrafos, bailaríns...)	15%(1º, 2º e 3º trimestre sumativo)
EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA, a través da observación diaria na clase, tendo en conta as aptitudes físicas e intelectuais de cada alumno e alumna.	Execución correcta dos contidos segundo o método e tipo de linguaxe corporal aprendida (tendo en conta a coordinación, musicalidade, precisión, sensibilidade motora e artística, capacidade de expresión e interpretación...)	70%(1º e 2º trimestre)

AVALIACIÓN 2019/2020		G.PROFESIONAL
ACTITUDE OBSERVACIÓN DIARIA tanto na clase coma no recinto escolar (biblioteca, vestiarios, sala de ensaio..)	Puntualidade, constancia, comportamento, uniforme, peiteado participación, esforzo, interese, coidado do material e madurez.	10%(1º e 2º trimestre)
ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOSTEÓRICOS, a	Aprendizaxe dos contidos de forma teórica e comprensión e	10%(1º, 2º e



través de probas escritas ou orais ou dun traballo ou fichas.	interiorización dos mesmos, (tanto vocabulario técnico coma os contidos teóricos de ballets, coreógrafos, bailaríns...)	trimestre) 3 ^{er} trimestre sumativo
EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA, a través da observación diaria na clase, tendo en conta as aptitudes físicas e intelectuais de cada alumno e alumna.	Execución correcta dos contidos segundo o método e tipo de linguaxe corporal aprendida (tendo en conta a coordinación, musicalidade, precisión, sensibilidade motora e artística, capacidade de expresión e interpretación...)	80% (1º e 2º trimestre)

Non sería necesario acadar o 50% en cada unha das partes para sumar os apartados e ademais os datos obtidos durante o terceiro trimestre soamente poden ser tidos en conta en positivo, nunca minorando as cualificacións anteriores.

3.Procedementos de avaliación e adaptacións metodolóxicas terceiro trimestre.

Durante o terceiro trimestre procuramos a atención educativa ao alumnado, desenvolvendo actividades que lles permitan aos alumnos e alumnas manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por aprender, de modo non presencial.

Co obxectivo de ampliar as materias impartidas, có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, e co obxectivo de beneficiar ao alumnado (nunca minorando a cualificación) realizáronse as seguintes actividades:

<u>MATERIA E CURSO</u>	<u>ACTIVIDADES REALIZADAS</u>
DCA 1º GE	-Repaso dos contidos estudados durante o curso: rítmica propia das danzas rusas, pasos básicos estudados e importancia destas danzas dentro do mundo da danza.



<p>DCA 2º GE</p>	<p>-Repaso dos contidos estudados durante o curso: rítmica propia das danzas húngaras, pasos básicos estudados e importancia destas danzas dentro do mundo da danza.</p>
<p>DCA 2º GP</p>	<p>-Visionado da Mazurka do Ballet Coppelia versión Escola da Opera de París. -Visionado da Mazurka do Ballet Coppelia versión Bolshoi Ballet -Visionado dunha clase de danza de carácter da Escola Vaganova. Analizar que estilos se traballan tendo en conta os epaulement, uso dos port de bras, e uso da técnica de pés. -Lectura do dossier sobre a Escola Bolera do Ballet Nacional de España. -Clases on line de repaso de contidos a través da plataforma Cisco Webex. -Actividades de indagación teórica sobre a Mazurca.</p>
<p>DGA 3º GE</p>	<p>Na materia de Danza galega e co obxectivo de repasar a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, e co obxectivo de beneficiar ao alumnado (nunca minorando a cualificación) realizáronse as seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none">-Actividades de visionado de material audiovisual presente en internet e análise dos contidos.-Actividades repaso dos contidos estudados a través de apuntes teóricos e fichas.-Actividades de análise de traballos realizados na aula.-Actividades de reforzo e recuperación teóricos para alumnado con resultados de avaliación negativos no primeiro e segundo trimestre.-Actividades de autoavaliación.
<p>DGA 1º GP</p>	<p>Na materia de Danza galega e co obxectivo de repasar a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, e co obxectivo de beneficiar ao alumnado (nunca minorando a cualificación) realizáronse as seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none">-Actividades de visionado de material audiovisual presente en internet e análise dos contidos.



	<p>-Actividades repaso dos contidos teóricos estudados a través de apuntes teóricos e fichas.</p> <p>-Actividades de repaso e análise de traballos realizados na aula.</p> <p>-Actividades de reforzo e recuperación teóricos para alumnado con resultados de avaliación negativos no primeiro e segundo trimestre.</p> <p>-Actividades de autoavaliación.</p>
IDE 4ºGE	<p>-Actividades de visionado de material audiovisual presente en internet e análise dos contidos.</p> <p>-Actividades repaso dos contidos teóricos estudados a través de apuntes teóricos e fichas.</p> <p>-Revisión das pezas enviadas polos alumnos/as cara as probas de acceso.</p>

O seguimento do alumnado realizouse utilizando os seguintes medios de comunicación:

- CentrosNet
- Correo electrónico
- Aula Virtual CDAN Lugo
- Vídeo Conferencia CiscoWebex
- Teléfono móbil

O profesorado informa por escrito a través de CentrosNet , mail ou teléfono da concreción das actividades e probas de avaliación intentando favorecer dentro das nosas posibilidades a súa realización pola maior parte do alumnado.

As avaliacións das actividades do terceiro trimestre poderán mellorar as cualificación anteriores do alumando.



4. Proba extraordinaria de setembro e recuperación de materias pendentes.

A proba extraordinaria consistirá na realización dunha única proba de carácter teórico-práctico. Os instrumentos de avaliación poderán adaptarse as eventualidades que puidesen xurdir por mor da crise sanitaria.

CRITERIOS PROBA EXTRAORDINARIA:

MATERIA e CURSO	ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS 20%	EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA 80%
DCA 1ºGE	<p>-Coñecer os contidos teóricos relacionados coa orixe da danza Rusa.</p> <p>Con este criterio de avaliación búscase que o alumnado coñeza o significado da danza de carácter (a danza Rusa) a través de visionados.</p>	<p>-Reproducir e interpretar un exercicio de palmas que marque pautas rítmicas.</p> <p>Observar que el alumno interioriza o pulso e o ritmo.</p> <p>-Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos: ritmos e pasos en diagonal, filas e círculos.</p> <p>Con este criterio pretendese comprobar o sentido respecto ao espazo, as dimensións e dirección, sen perder a coordinación e musicalidade.</p> <p>-Realizar exercicios de pés cos zapatos de carácter.</p> <p>Con este criterio pretendese comprobar que os alumnos/as executan as plantas, tacóns e puntas seguindo as pautas rítmicas e musicais marcadas.</p> <p>-Realizar exercicios de combinacións de saltos e skips propios do estilo ruso.</p> <p>Con este criterio pretendese comprobar a coordinación e musicalidade do alumno.</p> <p>A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>



<p>DCA 2ºGE</p>	<p>-Coñecer os contidos teóricos relacionados coa orixe da danza Húngara.</p> <p>Con este criterio de avaliación búscase que o alumnado coñeza o significado da danza de carácter (a danza Húngara) a través de visionados.</p>	<p>-Reproducir e interpretar un exercicio de palmas que marque pautas rítmicas.</p> <p>Observar que o alumno interioriza o pulso e o ritmo.</p> <p>-Realizar pequenas variacións que inclúan desprazamentos: ritmos e pasos en diagonal, filas e círculos.</p> <p>Con este criterio pretendese comprobar o sentido respecto ao espazo, as dimensións e dirección, sen perder a coordinación e musicalidade.</p> <p>-Realizar exercicios de pés cos zapatos de carácter.</p> <p>Con este criterio pretendese comprobar que os alumnos/as executan as plantas, tacóns e puntas seguindo as pautas rítmicas e musicais marcadas.</p> <p>-Realizar exercicios de combinacións de saltos e picked-up springs propios do estilo húngaro.</p> <p>Con este criterio pretendese comprobar a coordinación e musicalidade do alumno.</p> <p>A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>
<p>DGA 3ºGE</p>	<p>-Coñecer os contidos teóricos relacionados coa orixe dos bailes, a indumentaria, os instrumentos e os ritmos básicos.</p> <p>Con este criterio de avaliación búscase que o alumnado coñeza as danzas tradicionais galegas, a través da súa visión e da súa audición.</p>	<p>-Reproducir e interpretar combinacións de pasos básicos de muiñeira.</p> <p>Con este criterio pretendese comprobar que o alumno executa correctamente e con coordinación, tanto rítmica como tecnicamente os movementos.</p> <p>-Improvisar puntos segundo a estrutura do baile tradicional.</p> <p>Con este criterio preténdese observar se o alumno indica e</p>



		<p>executa os movementos empregando o ritmo e o fraseo musical adecuadamente, facendo un correcto uso do espazo.</p> <p>A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>
IDE 4ºGE	<p>- Coñecer a importancia da danza española e das súas catro vertentes dentro do mundo da danza.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que o alumno/a comprende os contidos teóricos explicados.</p>	<p>-Executar exercicios que inclúan combinacións de pasos e zapateados básicos así como as posicións dos brazos.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que o alumno executa os movementos empregando o ritmo adecuadamente así como o uso do espazo.</p> <p>A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>

MATERIA e CURSO	ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS 20%	EXECUCIÓN TÉCNICA E PRÁCTICA 80%
DGA 1ºGP	<p>-Coñecer os contidos teóricos relacionados coa súa orixe dos bailes, a indumentaria, os instrumentos e os ritmos básicos.</p> <p>Con este criterio de avaliación comprobarase se o alumno coñece os distintos tipos de bailes galegos, así como tamén a indumentaria, os ritmos e os instrumentos empregados para o baile.</p>	<p>-Reproducir e interpretar combinacións de pasos de muiñeira e xota.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar que o alumno executa correctamente e con coordinación, tanto rítmica como tecnicamente os movementos de xota e de muiñeira.</p> <p>-Improvisar puntos segundo a estrutura do baile tradicional.</p> <p>Con este criterio preténdese observar se o alumno indica e executa os movementos empregando o ritmo e o fraseo musical adecuadamente, facendo</p>



		<p>un correcto uso do espazo.</p> <p>-Aprender pequenos exercicios propostos no momento.</p> <p>Con este criterio preténdese comprobar a capacidade do alumnado para aprender a primeira vista e memorizar un paso, un exercicio ou un conxunto deles.</p> <p>A cualificación da avaliación obtérase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>
<p>DCA 2ºGP</p>	<p>-Definir a danza de carácter e coñecer e recoñecer distintos estilos. A alumna coñece o significado de Danza de Carácter e os diferentes bailes típicos de cada estilo: húngaro (czardas), polaco (polonesa), ruso (mazurca) e italiano (tarantela).</p> <p>-Coñecer a orixe da danza húngara e o seu estilo así como a súa interpretación nos ballets de repertorio do século XIX.</p> <p>Comprobar que a alumna coñece e recoñece as danzas húngaras dos ballets de repertorio (<i>Lago dos Cisnes</i> e <i>Coppelia</i>, mínimo esixible)</p> <p>A cualificación da avaliación obtérase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>	<p>-Realizar exercicios que conteñan contidos básicos: <i>pas de basque and cifras</i> combinadas e <i>czardas</i>. Paso básico de Polonesa.</p> <p>Comprobar que a alumna ten a base rítmica e estilística interiorizada.</p> <p>-Realizar exercicios rítmicos cos zapatos de carácter</p> <p>Con este criterio, trátase de comprobar a capacidade e destreza do alumno para o uso correcto dos zapatos de carácter.</p> <p>-Realizar variacións que inclúan os brazos, cabezas e estilo da danza húngara. (Lentos e promenades)</p> <p>Con este criterio, comprobarase que o alumno acadou o concepto de estilo necesario para a danza de carácter no seu conxunto.</p> <p>-Realizar variacións que inclúan os xiros, cabrioles e combinacións de saltos propias do estilo húngaro.</p> <p>Con este criterio, comprobarase que o alumno acadou o concepto de estilo necesario para a danza de carácter no seu conxunto.</p>

		<p>-Realizar ejercicios rítmicos básicos de mazurca.</p> <p>Con este criterio, trátase de comprobar a capacidade e destreza da alumna para o uso correcto dos zapatos de carácter, a musicalidade e a coordinación.</p> <p>En todos os exercicios valorarase a sensibilidade artística, musicalidade, expresividade amosada pola alumna.</p> <p>A cualificación da avaliación obterase da nota media dos criterios de avaliación anteriormente citados tendo en conta que cada un dos criterios terá o mesmo valor.</p>
--	--	---

A cualificación final se obterá da suma de ambos apartados, non sendo necesaria a superación do 50% da cualificación por separado.

As programacións didácticas do curso académico 2020-2021 incorporarán aqueles obxectivos e contidos que non se poderon abordar neste curso escolar, ben na mesma materia se esta forma parte do curso seguinte, ben noutras materias.

A recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica danza farase nas clases do curso seguinte. Partindo desta premisa, cualificarase ao alumnado en base ao referido no apartado 1. da modificación da presente programación.

5. Información e publicidade.

A principal vía de comunicación co alumnado e familias será a plataforma “centrosnet” tendo en conta que é o mecanismo oficial e o medio empregado maioritariamente.

Empregarase igualmente a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento continuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recibir as programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas na páxina web co fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que

igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.